

Acta da Asemblea Xeral do Proxecto Cárcere



Data: 3 de febreiro de 2012

Hora: 20:00h.

Lugar : C.S.Atreu.

Presentes: Eva, Javi, Monge, Pepe, Senén, Susana, Lydia, SuzieQ, Sandra, Patxi, Tomi, Tono.

Moderadora: Lydia.

Toma Acta: Tono.

Orde do día:

- Lectura e aprobación dos Estatutos.
- Acción Brigada de limpeza.
- Festa primavera.
- Información xeral dos Grupos de Traballo.
- Varios.

Comeza a sesión e Tomi fai lectura de cada un dos capítulos e artigos e iranse aprobando a medida que se vaian lendo.

No artigo 2 resólvese poñer o enderezo fiscal en Desescribir, rúa Ángel Rebollo 57, semisoto.

No que respecta ós fins da asociación, Monge propón poñer nun punto o de recuperar o cárcere como Centro Sociocultural e da Memoria. Trátase este punto e faise unha ampliación contemplando o anterior. En outras ocasións (Monge) tamén fai referencia a outros puntos nos que xurde o debate como é a palabra traballar que deriva en incluír o termo implicarse como máis específico do que nos representa.

O artigo 9 que se refire ó réxime disciplinario xenera debate. A Sandra parécelle excesiva a súa redacción. Tamén se aporta sintetizalo.

No artigo 12 xurde un debate enérxico e resólvese deixalo como está, distinguindo o de asemblea extraordinaria e ordinaria.

Artigo 13. Debátese e queda en suspenso se a lei permite outra proposta.

Artigo 14. Concordamos.

Os seguintes artigos vánse lendo e aprobando.

Pepe informa das problemáticas de facerse dos diferentes ámbitos e decídese facerse do de Galicia.

Apróbanse os estatutos modificando certos puntos sinalados e quedando á espera de certas medidas a consultar.

Resólvese facer unha asemblea Consituínte da Asociación para o 24 de febreiro.

Nesa asemblea decidírase como elixir ás persoas que formarán parte da xunta directiva.

Brigada de limpeza.

Lydia relata a visita que fixeron ela e Tono acompañando a Pamy Tajés, a rapaza de Camelle que estuda en England e que vai facer o seu proxecto final sobre o cárcere da Coruña. Debido a que hai xente vivindo alí, cada vez está máis destrozada polo vandalismo e xa entra calquera puidendo ocorrer algo serio, Lydia propón facer un acto de limpeza.

Tono pregunta se foi enviada aparte da carta unha solicitude ó Concello para solicitar unha xuntanza con iles e na súa idea está agora mesmo esperar.

Monge propón seguir coas accións.

Xurde con forza entre a maioría facer esa acción.

Quedou aprobada e facela nos días despois de consituirse como asociación.

Grupos de Traballo.

Xestión conseriu facer os estatutos expostos hoxe.

Proxectos traballou no dossier e segue a albiscar propostas cara a primavera.

Infraestruturas avanza co dossier e a planimetría do cárcere.

Comunicación prepara a visita a CES Palavea. Pepe relata visita a Carmen Loriga, do Centro Anxo Casal, na que lle expusemos o proxecto e amosouse moi interesada e con gañas de colaborar.

Patxi lembra rematar o dossier.

SuzieQ fala da súa visita a un proxecto semellante ó que nós tratamos de desenvolver e que se chama ACERCA en Valladolid. Invítannos a ir a unha xuntanza que teñen o vindeiro 11 de febreiro.

Pepe fala da proposta que fixo o grupo Marful para poder tocar no cárcere na súa "Xira surrealista 2012". É para o mes de xuño.

Ás 23:00 horas en punto remata a asemblea.